

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 26 de novembro de 2008 pola que se resolve a Orde do 19 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

A Orde do 19 de agosto de 2008 (DOG do 25 de agosto) convocou as axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia do ano 2008, en réxime de concorrencia competitiva.

Rematada a tramitación establecida na convocatoria, de acordo co establecido no artigo 7 da orde de convocatoria, e atendendo ao informe-proposta elevado pola comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles aos seguintes profesores-investigadores do sistema universitario de Galicia as axudas que a continuación se relacionan para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia para o ano 2008, en réxime de concorrencia competitiva, e na contía que se indica en cada caso.

1. Modalidade de agrupacións estratéxicas.

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía 2008	Contía 2009	Contía 2010
2008/080	Beiras García-Sabell, Ricardo	Uvigo	125.000	250.000	250.000
2008/024	Diéguez González, Carlos	USC	125.000	250.000	250.000
2008/060	Gulías Fernández, Víctor Manuel	UDC	125.000	250.000	250.000
2008/023	Pérez Meirás, Mª Dolores	USC	125.000	250.000	250.000

2. Modalidade de grupos de referencia competitiva.

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía 2008	Contía 2009
2008/008	Cerdán Villanueva, Mª Esperanza	UDC	25.000	50.000
2008/048	Diéguez González, Carlos	USC	52.500	105.000
2008/073	Domínguez Martín, Jorge	Uvigo	35.000	70.000
2008/029	Domínguez Puente, Fernando	USC	25.000	50.000
2008/075	García Pino, Antonio	Uvigo	42.500	85.000
2008/096	Legido Soto, José Luis	Uvigo	35.000	70.000
2008/074	Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón	Uvigo	42.500	85.000
2008/041	Vence Deza, Xavier	USC	25.000	50.000

Segundo o punto 3 do anexo II da Orde do 19 de agosto de 2008, ao final da segunda anualidade, realizarase unha avaliación de cumprimento dos obxectivos, que poderá dar dereito á prórroga por dúas anualidades máis.

3. Modalidade de grupos emerxentes promovidos por investigadores mozos.

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía 2008	Contía 2009	Contía 2010
2008/079	Álvarez García, Begoña	Uvigo	15.000	30.000	30.000
2008/077	Correa Duarte, Miguel Ángel	Uvigo	15.000	30.000	30.000
2008/101	Gamallo Otero, Pablo	USC	15.000	30.000	30.000

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía 2008	Contía 2009	Contía 2010
2008/012	González Ferreiro, Elena	USC	15.000	30.000	30.000
2008/068	Losada Carril, David Enrique	USC	15.000	30.000	30.000
2008/003	Posada González, David	Uvigo	15.000	30.000	30.000
2008/037	Salas Ellacuriaga, Antonio	USC	15.000	30.000	30.000

4. Modalidade de redes de investigación.

Exped.	Solicitante	Univ.	Contía 2008	Contía 2009	Contía 2010
2008/047	Fanego Lema, Teresa	USC	30.000	60.000	60.000

Segundo.-As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou desestimadas.

Terceiro.-Os pagamentos faranse mediante libramento único e directo ás universidades. Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 15 de novembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto acompañada dunha memoria explicativa do logro dos obxectivos de consolidación e estruturación do grupo ou rede.

Cuarto.-O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Quinto.-Os pagamentos das anualidades posteriores á primeira poderán realizarse co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) 2007-2013, polo que os beneficiarios das axudas deberán cumprir os requisitos de publicidade que establece o artigo 8 do Regulamento 1828/2006, do 8 de decembro, cumprir tamén o establecido no Regulamento 1083/2006, polo que se establece as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e no Regulamento 1080/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como cumprir os requisitos de xustificación que establece esa mesma normativa.

Sexto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria